



O NOVO “DOBERMAN” DA IGREXA



Tras a morte o pasado mes de abril do papa Xoán Pablo II, celebrouse un conclave co fin de elixir un sucesor deste polaco que logo se converterá en Santo. Pero a elección non puido ser máis sorprendente e previsible á vez: o cardeal Joseph Ratzinger, o máis estreito colaborador do falecido pontífice, que asumiría o cargo baixo o título de Benedicto XVI. Este primeiro papa do século XXI representou na Igrexa a imaxe dun gardián inflexible da doutrina, represor de teólogos innovadores; por sorte ou por desgraza, parece ser que este será un papado de transición, pois dados os setenta e oito anos do ex-cardeal, o seu tempo á fronte da Igrexa será relativamente breve.

Podemos considerar o pasado deste alemán máis ben digno de esquecer, pois, ao parecer, cando era mozo foi obrigado xunto co seu irmán a ingresar nas xuventudes hitlerianas, aínda que segundo afirma a súa familia non simpatizaba co nazismo.

A súa actual postura conservadora reflíctese claramente na misa “pro-elixindo pontífice” previa ao conclave, en cuxa homilía o agora Benedicto XVI se refería á “ditadura do relativismo” para deixar claro que estes son tempos difíciles para a doutrina cristiá, nos que Europa volveu á época do paganismo. Do mesmo xeito, como aseguraba nunha entrevista concedida meses atrás ao diario italiano “La Repubblica”: “O laicismo transformouse nunha ideoloxía imposta pola política e que non concede espazo público á visión católica”.

Sen embargo, e aínda que resulte sorprendente, Ratzinger foi nos seus tempos de xuventude un teólogo progresista do episcopado alemán e participou activamente nas aperturas do Concilio Vaticano II. Mais a súa actitude cambiou radicalmente, e chegou a combater este Concilio que antes defendera, condenando a máis de cen estudosos dos Evanxeos por tentar poñer en práctica os acordos desta reunión de bispos presididos polo papa Xoán XXIII. O seu carácter non mudou dende entón, e continúa dicindo que a presenza de Deus é necesaria na sociedade actual ou esta autodestruirase, comparándoa co ocorrido cos réximes totalitarios.

Outro tema

conflictivo no seu pontificado podería ser a “ética sexual”. Baixo o seu criterio, a píldora foi o punto de partida dunha revolución antropolóxica na que o acto sexual perdeu a súa intencionalidade e finalidade, e na que todos os tipos de sexualidade se fixeron equivalentes, chegando a equipararse a homosexualidade e a heterosexualidade. Por iso asegura que a elección do goberno español de legalizar o matrimonio entre persoas do mesmo sexo non axuda en absoluto a estes individuos “que sofren”, e lonxe disto é destrutiva para o modelo de familia e a sociedade en xeral, poñendo polo tanto en perigo os elementos básicos dun sistema de dereito.

Con este panorama, ¿credes que chegará un día no que poidamos comparalo co defunto Karol Wojtyła?

Beatriz Rey Gosenje. B1A

